

ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DOS PAIS, NAIS E TITORES/AS LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR DO IES CAMILO JOSÉ CELA

CONVOCATORIA

De acordo coa *Resolución do 19 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 30 de setembro de 2022)*, a Xunta Electoral do IES Camilo José Cela, conforme ao calendario aprobado na súa primeira reunión, dispón a convocatoria de eleccións ao consello escolar, SECTOR DOS PAIS, NAIS E TITORES/AS LEGAIS DO ALUMNADO, segundo as seguintes normas:

1. Conforme ao establecido no artigo 40 do *Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria (DOG 09/08/1996)*, redactado segundo o establecido na disposición adicional terceira 1. do *Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, (DOG do 26)*, corresponde elixir no presente proceso electoral **un pai / nai / representante legal** dun total de tres que debe ter o Consello Escolar.

2. Son electores e elixibles todos os representantes das familias (pais / nais / titores ou titoras legais) do alumnado matriculado no centro e incluídos no censo correspondente exposto a partir da data desta circular na web e no taboleiro do centro. As reclamacións ao referido censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta electoral, ata as 13:00 horas do luns 14 de novembro.

3. Son elixibles os pais, as nais ou os/as titores/as legais que formalicen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na secretaría do centro. Poderanse presentar **candidaturas do día 4 (venres) ao 14 de novembro (luns), ás 13:00 h.**

4. O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais, as nais e os/as titores/as legais que non se presenten como candidatos, o día 16 de novembro ás 10:25 horas. Esta mesa estará composta polo Director do centro, que exercerá de presidente, e catro pais / nais / titores ou titoras legais, actuando como secretario o pai / nai / representante legal de menor idade.

5. A campaña electoral comprenderá do 17 ao 22 de novembro, ambos os días incluídos. As dependencias e servizos do centro estarán a disposición dos/as candidatos/as, previa petición ao presidente da Xunta Electoral e sempre que o seu uso non altere o normal desenvolvemento das clases.

6. Poderán actuar como supervisores/as da votación os pais / nais / representantes legais do alumnado matriculado no centro que estea avalado como mínimo pola sinatura de 10 electores/as.

7. As votacións realizaranse no Salón de actos do IES Camilo José Cela o **mércores 23 de novembro, de 16:30 a 19:30 h.** A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 16:15 horas.

8. Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo de **un nome** entre as candidaturas presentadas. As persoas votantes deberán acreditar a súa identidade co DNI ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable, e non se admitirá o voto por correo.

9. Teñen dereito a voto o pai e a nai ou, se é o caso, o/a titor/a legal do alumnado.

10. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado levantarase acta para o seu envío á Xunta Electoral do centro.

11. A Xunta Electoral resolverá as dúbidas e as reclamacións que se poidan formular.

Padrón, 4 de novembro de 2022.

O Presidente da Xunta Electoral e Director do centro



Asdo.: Manuel González Alvarellos